

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 30 DE DECEMBRO DE 2021

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Simoes Couceiro

Concelleiros/as:

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D. Luis Pena Mosquera

D^a Rocío Souto Torre

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as doce horas e quince minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e un, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente en funcións, don José Simoes Couceiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dona Ana Ramos Ramos

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

NON ASISTE:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

A Presidencia abre a sesión.

A Secretaria municipal indícalle ao Presidente e aos concelleiros e concelleiras presentes, que non se incluíu na orde do día a acta da sesión do 25 de novembro de 2021, por estar pendente de sinatura motivada pola ausencia do Presidente D. Bernardo Piñeiro Fernández.

A continuación, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1 APROBACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 27/12/2021, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno

SESIÓN: Ordinaria do día luns 27 de decembro de 2021

EXPDTE: 2021/G012/000019

Sesión nº: 2021/29

APROBACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN INICIAL DO "PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE (PMUS) DO CONCELLO DE PONTEDEUME"

Expediente TEdC: 2021/X999/000342

Tendo en conta as competencias propias do municipio, relacionadas nos artigos 25 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local (LBRL), e 80 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, concretamente, as referentes á ordenación, seguridade e mobilidade.

Tendo en conta as características do casco histórico de Ponte deume, xunto co seu entorno e os servizos ofertados á cidadanía fan necesaria a redacción dun Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) para a obtención do coñecemento e instrumentos de actuación sobre o marco do seu espazo público co obxectivo de acadar unha mobilidade sostible, segura e adaptada as súas necesidades particulares.

As rutinas diarias que implican desprazamentos ao lugar de traballo, escolas, realización de compras, etc... ademais das súas diferenzas entre as actividades durante a semana e a fin de semana, así como a afluencia de visitantes nas tempadas de vacacións fan necesaria a implementación de estratexias na mobilidade, regularización de tránsitos e localización de lugares de aparcamento que respecten e poñan en valor a importancia histórica do lugar e coiden o uso e desfrute do espazos públicos urbanos.

Desde o Concello de Ponte deume quérese facer fincapé en diferentes zonas como son o entorno do novo Mercado Municipal, o acceso ás entidades escolares (colexios e institutos), centro de saúde, centros comerciais e a busca de lugares de aparcamento integrados e sostibles que faciliten tanto o acceso ao casco histórico como a lugares de elevada afluencia como poden ser As Fragas do Eume respectando e ensalzando, como se remarcou anteriormente, a importancia do seu centro histórico.

A situación actual obríganos, ademais, a ter en conta o novo contexto e os futuros cambios de hábitos provocados pola crise sanitaria da covid-19 e as posibles modificacións nos patróns de mobilidade derivados da tendencia ao teletraballo e a flexibilidade horaria.

A análise necesaria para a redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sostible e a súa metodoloxía deberá cumprir cos requisitos necesarios para a presentación de solicitudes de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

subvencións tanto a nivel provincial, autonómico, estatal e europeo neste eido, amosar pautas de actuación para o cumprimento dos obxectivos enumerados e servir de base para a toma de futuras decisións e a busca de financiación para a súa implementación.

Tendo en conta que por Decreto Nº 399/2020 de 14/07/2020 , resolveuse a adxudicación do contrato para a prestación do servizo “Elaboración do Plan de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) do Concello de Ponte deume”(Expediente TEDeC: 2020/C002/000014)” á licitadora Roi García Camba (44482264-B), por importe de 14.700 € máis 3.087 €.de IVE, cun total de 17.787 €.

Logo de ver o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME”, documento asinado dixitalmente en data 10/11/2021 polo arquitecto Roi García Camba, documento con rexistro de entrada nº 202199900001878 de 10/11/2021.

Tendo en conta que o Plan de Mobilidade Urbana Sustentable é un plan estratéxico que recolle unha serie de propostas para mellorar o espazo público, a calidade urbana, a mobilidade peonil e ciclista, a reordenación de fluxos rodados e a mellora na xestión do estacionamento que conta cun traballo previo de realización de enquisas, entrevistas con axentes claves, reunións con traballadoras e traballadores municipais, medicións de vehículos, conteos de estacionamento, análises estatísticas e tendencias, así como diferentes estudos cualitativos sobre a vila de Ponte deume e a súa contorna.

Neste marco establécense estratexias a curto, medio e longo prazo redactadas en atención a realidade de Ponte deume e no que se plantexan alternativas viables para a mellora da calidade de vida dos residentes co obxectivo de potenciar Ponte deume como centro de referencia no sistema urbano no que se integra e a implantación das accesións de forma progresiva e de xeito coordinado, tanto entre as propias accións como entre os distintos axentes implicados na súa posta en marcha.

Esta última cuestión é especialmente relevante nun territorio onde outras administración ostentan a titularidade de solos estratéxicos para a vila, polo que o documento convírtese tamén nunha nova ferramenta básica de planificación. A condición de cabeceira comarcal e centro de servizos dentro da Rexión Urbana Ferrol-A Coruña de Ponte deume, así como a súa potencialidade turística son elementos clave para o establecemento do modelo de mobilidade proposto, poñendo en valor a necesaria capacidade de acollida de usuarias e usuarios externos e residentes. O PMUS propón tres grandes liñas estratéxicas que vertebran o conxunto de accións:

1. Reordenación dos fluxos rodados: Simplificando no posible os fluxos redundantes e introducindo medidas para mellorar a fluidez nos ámbitos máis conxestionados.
2. Reordenación de fluxos peonís: Mellorando a seguridade, propoñendo a transposición en percorridos de liñas detectadas e garantindo a conexión peonil de calidade entre os grandes espazos de servizos e equipamentos e os ámbitos de residencia.
3. Estratexia de estacionamentos e mercadorías: Propoñendo novos ámbitos para o estacionamento así como a reconfiguración dos existentes, buscando aunar as necesidades



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

dos residentes con niveles de rotación razoables para os visitantes e compradores non residentes.

Tendo en conta o informe técnico asinado dixitalmente en data 14/12/2021 pola arquitecta municipal sobre o contido do documento que se somete a aprobación inicial.

Esta Alcaldía en funcións propón para o seu ditame pola Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (PMUS), documento asinado dixitalmente en data 10/11/2021 polo arquitecto Roi García Camba, documento con rexistro de entrada nº 202199900001878 de 10/11/2021.

SEGUNDO.- Someter o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (PMUS) a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín Oficial de la Provincia da Coruña do presente acordo, co fin de presentar as alegacións, reclamacións e/ou suxestións que se estimen pertinentes ao Plan que se aproba inicialmente; o anterior de conformidade co artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesada/o nas dependencias municipais. Asimesmo, estará a disposición das/os interesadas/os na sede electrónica do concello de Ponte deume.

TERCEIRO.- No suposto de non terse presentadas alegacións ou reclamacións de ningún tipo no dito período de información pública o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (PMUS) do concello de Ponte deume, quedará definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario procedéndose a publicación do texto íntegro na Sede electrónica municipal así como taboleiro de edictos para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos afectados polo ditado do presente acordo, en concreto axente de desenvolvemento local, urbanismo e policía local, aos efectos oportunos.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, alcalde en funcións, en Ponte deume á data da sinatura dixital.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **MAIORÍA de 6 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D^a. Yolanda Vázquez Busto, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e 1 abstención da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D^a. Rocío Souto Torre.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra dona Yolanda Vázquez Busto (PSdG-PSOE) que indica que é un plan estratéxico que vai converterse nun documento esencial para a previsión e toma de decisións; así como para acceder a fondos europeos de mobilidade sustentable. Este plan estratéxico busca tres obxectivos, por unha banda facer máis eficiente o sistema de desprazamentos, por outra que a mobilidade actual sexa máis sustentable ecolóxica, social e economicamente e por último facilitar uns hábitos de mobilidade máis saudables, respectuosos co medio ambiente e que repercutan na optimización e aforro enerxético. O sistema realizouse durante o último ano e medio, dividiuse en catro fases; por unha banda a toma de datos e análises xeográficas, socioeconómicas e demográficas, hábitos mobilidade, distribución poboacional, cales eran os centros xeradores de mobilidade, aparcadoiros, equipamentos municipais. Nesta fase de toma de datos tamén se contou cun plan de participación cidadá solicitando dende agosto 2020 a participación da cidadanía a través de formularios na páxina web, entrevistas a pé de rúa e poñendo en contacto con axentes claves de ámbitos da saúde, do sector educativo, do sector do comercio, transporte, asociacionismo, policía local, centros técnicos municipais. A segunda fase é a de identificación de problemas e retos. A terceira fase é unha definición de liñas estratéxicas que se divide en tres apartados; apartado a, relacionado con aparcadoiros e xestión de abastecemento do centro histórico, o apartado b que é unha reformulación e simplificación dos fluxos rodados e mellora da calidade urbana e por último apartado c que é a mellora da conectividade peonil e ciclista. A continuación ven unha fase de proposta e obxectivos específicos, e traemos ao pleno este documento necesario para achega e consecución de fondos de mobilidade sostible; e seguemos a traballar no seu plan de implantación, no seu plan de comunicación e no establecemento de indicadores para o seguimento dos futuros resultados.

Toma a palabra don Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP) que pregunta se o Plan estivo a exposición pública e se despois de aprobalo hai que levalo estritamente ou poden existir modificacións.

Responde dona Yolanda Vázquez Busto, indicando que son liñas estratéxicas, que optimizarían e son propostas; evidentemente calquera tipo de acción de calado ten que implicar un consenso social e facelo de maneira pública. Son liñas de traballo, recompilación de datos e propostas que serven de base para toma de decisións.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera (BNG) indicando que o voto do grupo municipal do BNG vai ser a favor.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (PMUS), documento asinado dixitalmente en data 10/11/2021 polo arquitecto Roi García Camba, documento con rexistro de entrada nº 202199900001878 de 10/11/2021.

SEGUNDO.- Someter o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (PMUS) a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín Oficial de la Provincia da Coruña do presente acordo, co fin de presentar as alegacións, reclamacións e/ou suxestións que se estimen pertinentes ao Plan que se aproba inicialmente; o anterior de conformidade co artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesada/o nas dependencias municipais. Asimesmo, estará a disposición das/os interesadas/os na sede electrónica do concello de Ponte deume.

TERCEIRO.- No suposto de non terse presentadas alegacións ou reclamacións de ningún tipo no dito período de información pública o “PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE DO CONCELLO DE PONTEDEUME” (PMUS) do concello de Ponte deume, quedará definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario procedéndose a publicación do texto íntegro na Sede electrónica municipal así como taboleiro de edictos para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar traslado aos departamentos afectados polo ditado do presente acordo, en concreto axente de desenvolvemento local, urbanismo e policía local, aos efectos oportunos.

2 NOMEAMENTO DO XUÍZ/A DE PAZ DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 27/12/2021, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno

SESIÓN: Ordinaria do día luns 27 de decembro de 2021

EXPDTE: 2021/G012/000019

Sesión nº: 2021/29

NOMEAMENTO DO XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<PROPOSTA DE DITAME Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

(Expediente:2021/X999/00473 - 2021/G006/000225. Elección de Xuíz/a de Paz Titular do Concello de Ponte deume.)

Incoado procedemento de nomeamento de xuíz/a de paz do Concello de Ponte deume por medio de acordo do Pleno da corporación de data 28/10/2021.

Tendo en conta que se publicou segundo se establece preceptivamente anuncio, que obra no expediente, tanto no Boletín Oficial da Provincia nº 214 de data 10 de novembro de 2021 e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas.

Con data 01/12/2021 finalizou o prazo de presentación de solicitudes presentándose en tempo e forma a seguinte:

- María Luz Brage Cernadas

Considerando a Lexislación aplicable seguinte:

— Os artigos 4 a 6, 20, 21 e artigo 28 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

— Os artigos 99 a 103 e artigo 395 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

— Os artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terase en conta o indicado no informe da Secretaría municipal en canto ao procedemento aplicable e a lexislación a seguir emitido no seo do presente procedemento en data 14/10/2021.

*Visto canto antecede, sométese a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

PRIMEIRO. Nomear a D^a María Luz Brage Cernadas con NIF 76410179Q, domiciliada en Rúa Club Náutico Firrete nº 3, 4º D, como Xuíza de Paz titular de Ponte deume.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.

No entanto, o Pleno acordará o que estime pertinente.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Documento asinado dixitalmente, por D. José Simoes Couceiro, alcalde en funcións en Ponte deume á data sinalada na marxe.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate

*Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE** das persoas presentes.>>*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o Sr. Presidente indicando que é a única candidata é que o ditame da comisión informativa foi favorable.

Sen máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Nomear a D^a María Luz Brage Cernadas con NIF 76410179Q, domiciliada en Rúa Club Náutico Firrete nº 3, 4º D, como Xuíza de Paz titular de Ponte deume.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Betanzos, ou no caso de haber varios dándose traslado ao Decano, que o elevará á Sala de Goberno (artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz).

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á interesada.

3 ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia

4 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron mocións urxentes

5 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30 DE DECEMBRO DE 2021

(Expediente TEdE: 2021/G006/000236)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **742.2021** de 22 de novembro ao **858.2021** de 27 de decembro de 2021, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2020/G003/000506	LICENZA DE OBRAS PARA REPARACIÓN DE LA FACHADA PRINCIPAL SITA EN RÚA CANTÓN, 7	----	07-09-2020
2020/G003/000565	LICENZA DE OBRAS PARA CONSTRUCCIÓN REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE B+3+BC PARA PENSIÓN 2* E CAFÉBAR CON REHABILITACIÓN DE ELEMENTOS EXISTENTES, SITO NA RÚA CANTÓN, Nº2,	-----	07-09-2020
2021/G003/000817	Sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 25-11-2021	000742/2021	22-11-2021 14:33
2021/G003/000825	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA Á CANTEIRA (OMBRE)"	000743/2021	23-11-2021 11:10
2021/G003/000828	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "SUPRESION DE SOTERRAMIENTO DE CONTENEDORES en PLAZA DE SAN ROQUE, PONTEDEUME (A CORUÑA)" (Expediente: 2021/C002/000039)	000744/2021	23-11-2021 13:10
2021/G003/000816	ACHEGA DO ANO 2021 Á	000745/2021	23-11-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	ASOCIACIÓN SEITURA 22		14:25
2021/G003/000832	Convocatoria selección personal, persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación.	000746/2021	24-11-2021 13:35
2021/G003/000831	ENCOMENDA DE DEFENSA PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000554/2021, DEMANDANTE -----.	000747/2021	25-11-2021 09:43
2021/G003/000818	LIQUIDACIÓN DAS ACHEGAS TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. 2020-2021	000748/2021	25-11-2021 09:43
2021/G003/000814	SOLICITUDE DE PAGO DA COTA SOCIAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME DO ANO 2020 E 2021 DE EUROEUME	000749/2021	25-11-2021 09:43
2021/G003/000815	LIQUIDACION DE PORTOS DE GALICIA POR OCUPACIÓN O 4 DE SETEMBRO POLA 54 EDIC. DA BAIXADA DO EUME	000750/2021	25-11-2021 09:43
2021/G003/000838	PO 756/2021 ----- DEMANDADO CONCELLO DE PONTEDEUME CITACION PARA XUIZO O DIA 09 DE MARZO DE 2022	000751/2021	25-11-2021 11:41
2021/G003/000827	INCIDENCIAS NÓMINA MES NOVEMBRO 2021.	000752/2021	25-11-2021 14:02
2021/G003/000830	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN PAGO NÓMINA MES DE NOVEMBRO DE 2021	000753/2021	25-11-2021 14:02
2021/G003/000802	CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (COMPLEMENTARIO)	000754/2021	25-11-2021 14:02
2021/G003/000841	Sesión EXTRAORDINARIA da Comisión Informativa permanente de asuntos económicos e facenda do día	000755/2021	25-11-2021 14:38



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	30-11-2021.		
2021/G003/000845	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES NOVEMBRO 2021.	000756/2021	25-11-2021 15:11
2021/G003/000851	DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000757/2021	29-11-2021 10:21
2021/G003/000857	DELEGACIÓN FUNCIÓN SECRETARIA MUNICIPAL	000758/2021	29-11-2021 15:21
2021/G003/000853	Decreto Baloncesto Subvencións por concorrenca competitiva a entidades deportivas 2020	000759/2021	29-11-2021 16:38
2021/G003/000854	DECRETO INSCRIPCIÓN DEFINITIVA EDM DE INVERNO 2021/22	000760/2021	29-11-2021 16:38
2021/G003/000855	DESIGNACIÓN DAS PERSOAS MEMBRO DA MESA DE CONTRATACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DOS POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (ADXUDICACIÓN DIRECTA)	000761/2021	29-11-2021 16:39
2021/G003/000826	EXPEDICIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOVILIDADE REDUCIDA	000762/2021	29-11-2021 16:39
2021/G003/000808	PROPOSTA DE BAIXA E PROPOSTA DE AUMENTO DE HORAS A UN USUARIO NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA	000763/2021	29-11-2021 16:40
2021/G003/000842	Proposta de baixa e proposta de alta no servizo de axuda no fogar de dependencia	000764/2021	29-11-2021 16:40
2021/G003/000836	ACHEGA DO CONCELLO NO CONVENIO PARA O DESENVOLVEMENTO DO	000765/2021	29-11-2021 16:41



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	PROGRAMA XANTAR NA CASA. 3º TRIMESTRE 2021		
2021/G003/000850	APROBACIÓN FACTURA F/2021/3449 CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN PARA O PLAN DE EMERXENCIA ANTE SITA REDACCION DE PLAN DE EMERXENCIA ANTE SITUACION DE SECA.	000766/2021	29-11-2021 16:41
2021/G003/000811	Decreto aceptación solicitude compensación subvencións nominativas 2018 e 2019, entidade Asociación de Veciños "Mariano Ruiz" de Andrade.	000767/2021	29-11-2021 16:42
2021/G003/000809	Aprobación solicitudes de altas nos Talleres Culturais Municipais curso 2021/2022	000768/2021	29-11-2021 16:42
2021/G003/000858	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO 03/12/2021	000769/2021	30-11-2021 10:29
2021/G003/000775	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "RENOVACIÓN DE COLECTOR DE PLUVIAIS EN VENTOSA" (Expediente: 2021/C002/000024)	000770/2021	30-11-2021 09:47
2021/G003/000847	ORDEN DE EXECUCIÓN	000771/2021	30-11-2021 14:43
2021/G003/000776	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA O GROBE (ANDRADE)" (Expediente: 2021/C002/000005)	000772/2021	30-11-2021 14:42



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2021/G003/000741	PERSOAL-BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PEÓN ADSCRITO A ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS PÚBLICOS, UNIDADE DE OBRAS, UNIDADE DE LIMPEZA, SECCIÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	000773/2021	01-12-2021 13:53
2021/G003/000861	PROCEDEMENTO ABREVIADO 124/2021, -----, RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.	000774/2021	01-12-2021 13:54
2021/G003/000833	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA E XESTIÓN DO RISCO DE SECA, 2.021	000775/2021	01-12-2021 13:54
2021/G003/000407	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE E NOVA INCOACIÓN DE ORDE DE EXECUCIÓN DE INMOBLE EN RÚA EMPEDRADO, 12	000776/2021	01-12-2021 16:07
2021/G003/000773	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA" (POS+ 2017 ADICIONAL) (Expediente: 2018/C003/000002)	000777/2021	01-12-2021 16:53
2021/G003/000863	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/22	000778/2021	02-12-2021 10:42
2021/G003/000844	PERSOAL-CONTRATACIÓN LABORAL SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS CONDUCTOR, -----.	000779/2021	02-12-2021 11:54
2021/G003/000870	REVOCAÇÃO DAS FUNCIÓNS	000780/2021	03-12-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	DELEGADAS DA ALCALDÍA POR DECRETO 757/2021 DE 29/11/2021 PARA A ASISTENCIA Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME DE 03.12.2021		10:01
2021/G003/000856	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍAS SUSTENTÁBEL (PACES). 2.021	000781/2021	03-12-2021 11:49
2021/G003/000862	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de outubro 2021	000782/2021	03-12-2021 09:12
2021/G003/000871	SOLICITUD ALTAS E BAIXAS TALLERES MUNICIPAIS CURSO 2021/2022	000783/2021	03-12-2021 13:35
2021/G003/000868	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA "SUPRESION DE SOTERRAMIENTO DE CONTENEDORES en PLAZA DE SAN ROQUE, PONTEDEUME (A CORUÑA)"	000784/2021	03-12-2021 13:34
2021/G003/000874	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOVILIDADE REDUCIDA	000785/2021	03-12-2021 14:18
2021/G003/000873	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE PISTAS EN BER (BOEBRE)" (Expediente: 2021/C002/000038)	000786/2021	03-12-2021 14:08
2021/G003/000864	XUSTIFICACIÓN PARCIAL DE	000787/2021	07-12-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	AGADER 2021-2022. MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS. ANDRADE.		11:28
2021/G003/000552	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTOCONTRATO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA CONTIDA NO PROXECTO "ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS" (CONVENIO DEPUTACIÓN 41/2020)	000788/2021	07-12-2021 11:28
2021/G003/000876	DELEGACIÓN DE ALCALDÍA CASAMENTO EN DANIEL RÍOS FERNÁNDEZ día 10.12.2021	000789/2021	07-12-2021 13:00
2021/G003/000872	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	000790/2021	07-12-2021 12:57
2021/G003/000877	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 09/12/2021	000791/2021	07-12-2021 12:56
2021/G003/000553	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN RÚA GONZALO TORRENTE BALLESTER" (POS + ADICIONAL 2019) ((Expediente: 2021/C003/000001)	000792/2021	09-12-2021 11:52
2021/G003/000875	XUSTIFICACIÓN DA AXUDA DE FOMENTO DA COMPOSTAXE IN SITU. 2020-2021	000793/2021	09-12-2021 14:17
2021/G003/000879	ANULACIÓN PARCIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2021. INCORPORACIÓN DE REMANENTES.-	000794/2021	09-12-2021 14:19
2021/G003/000880	AMPLIACIÓN PERÍODO DESFRUTE VACACIÓNS E ASUNTOS PARTICULARES, ANO 2021	000795/2021	10-12-2021 10:35



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2021/G003/000878	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000024512	000796/2021	10-12-2021 19:57
2021/G003/000860	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000024286	000797/2021	10-12-2021 19:53
2021/G003/000848	INCOACIÓ DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓ PARA A EXECUCIÓ DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE CENTRO SOCIAL EN VIZÚS" (CONVENIO DEPUTACIÓ 78/2019)	000798/2021	13-12-2021 13:12
2021/G003/000886	I CONCURSO NADAL EN PARROQUIAS DE PONTEDEUME	000799/2021	13-12-2021 13:11
2021/G003/000890	RESOLUCIÓ APROBANDO AXUDAS SOCIAIS 2019-2020, PERSOAL FUNCIONARIO	000800/2021	13-12-2021 20:06
2021/G003/000891	RESOLUCIÓ APROBANDO BASES AXUDAS SOCIAIS 2019-2020, PERSOAL LABORAL.	000801/2021	13-12-2021 20:04
2021/G003/000888	Convocatoria selecci3n personal, persoal t3cnico para a atenci3n de museos e centros de interpretaci3n.	000802/2021	13-12-2021 20:03
2021/G003/000887	DELEGACI3NS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023	000803/2021	14-12-2021 11:31
2021/G003/000883	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000024372	000804/2021	14-12-2021 11:21
2021/G003/000882	Emenda erro axudas de emerxencia social	000805/2021	14-12-2021 11:20
2021/G003/000894	Decreto pagamento Futbol Sala	000806/2021	14-12-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	Subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas 2020		11:20
2021/G003/000621	APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, AUTORIZACIÓN DEL GASTO, APROBACIÓN DEL PLIEGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS Y DESIGNACIÓN DE LA MESA DE CONTRATACIÓN PARA LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II (IDAE 2020) (Expediente: 2021/C005/000001)	000807/2021	14-12-2021 11:27
2021/G003/000889	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/23	000808/2021	14-12-2021 14:08
2021/G003/000895	IRPF, MOD. 111, NOVIEMBRE 2021	000809/2021	14-12-2021 19:08
2021/G003/000839	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 4 - LIQUIDACIÓN DA OBRA - CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE-. POS+/2019.	000810/2021	15-12-2021 10:23
2021/G003/000898	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABAJO PARA OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DO CAMIÑO DE PAREDES (Boebre)" (Expediente: 2021/C002/000037)	000811/2021	15-12-2021 11:15
2021/G003/000899	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16.12.2021	000812/2021	15-12-2021 13:56
2021/G003/000884	XUSTIFICACIÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS. AXUDA DEPUTACIÓN 2.021	000813/2021	15-12-2021 13:56
2021/G003/000350	INCOACIÓN DE ORDE DE	000814/2021	20-12-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	EXECUCIÓN, RÚA EMPEDRADO 40		10:03
2021/G003/000834	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIO TITULAR TASA BASURA	000815/2021	20-12-2021 14:26
2021/G003/000824	TESOURERIA: SOLICITA SER DADA DE ALTA NO LIXO	000816/2021	20-12-2021 14:28
2021/G003/000823	TESOURERIA: SOLICITA ALTA LIXO A NOME DE -----	000817/2021	20-12-2021 14:29
2021/G003/000822	TESOURERIA: SOLICITA DARSE DE ALTA EN RECOLLIDA DE LIXO	000818/2021	20-12-2021 14:29
2021/G003/000807	TESOURERIA: ALTA TAXA RECOLLIDA DE LIXO EN PESCADERIA Nº 44 , 1º	000819/2021	20-12-2021 14:30
2021/G003/000806	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIO DE TITULARIDADE DE RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO	000820/2021	20-12-2021 14:30
2021/G003/000805	TESOURERIA: SOLICITA A ALTA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA -----	000821/2021	20-12-2021 14:30
2021/G003/000804	TESOURERIA: SOLICITA A ALTA NO PADRON DE RECOLLIDA DE LIXO	000822/2021	20-12-2021 14:33
2021/G003/000803	TESOURERIA: SOLICITA A ALTA NA RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA -----	000823/2021	20-12-2021 14:33
2021/G003/000801	TESOURERIA: Solicitud General a nombre de ----- . Solicita: solicitude de alta no padrón de taxa de recollida de lixo da vivenda sita no lugar de Ventosa nº 195, Centroña. Ponte deume	000824/2021	20-12-2021 14:34
2021/G003/000762	TESOURERIA: SOLICITA DAR DE ALTA O RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA -----	000825/2021	20-12-2021 14:34
2021/G003/000846	TESOURERIA: SOLICITUDE ALTA TASA BASURA-----	000826/2021	20-12-2021 14:34
2021/G003/000837	TESOURERIA: SOLICITUDE ALTA	000827/2021	20-12-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	LIXO EN VIVENDA SITA EN -----		14:35
2021/G003/000835	TESOURERIA: SOLICITA ALTA TASA RECOLLIDA DE LIXO	000828/2021	20-12-2021 16:08
2021/G003/000920	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REFORMA FOREMDES. POLICIA E PORTAL GARAXE ." (Expediente: 2021/C002/000023)	000829/2021	21-12-2021 18:07
2021/G003/000907	INCIDENCIAS NÓMINA MES DECEMBRO 2021.	000830/2021	21-12-2021 18:07
2021/G003/000910	RESOLUCIÓN PAGO NÓMINA MES DECEMBRO 2021.	000831/2021	21-12-2021 18:04
2021/G003/000914	DIFERENZA DE VALORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA CP-4803.-----	000832/2021	21-12-2021 18:03
2021/G003/000913	Aprobación listaxe solicitudes de baixa no servizo de conciliación municipal madrugadoras/Madrugadores	000833/2021	21-12-2021 18:02
2021/G003/000919	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000834/2021	21-12-2021 18:01
2021/G003/000911	CAMBIO DE IMPUTACIÓN FACTURAS DE ----- CASAS DE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO DE 2021	000835/2021	21-12-2021 18:00
2021/G003/000904	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI 99500000024589	000836/2021	21-12-2021 17:59
2021/G003/000905	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI99500000024646	000837/2021	21-12-2021 17:56



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2021/G003/000924	Sesión ordinaria da CIAXP do día 27-12-2021	000838/2021	22-12-2021 13:34
2021/G003/000921	SEGUROS SOCIAIS NOVEMBRO 2021	000839/2021	22-12-2021 13:34
2021/G003/000763	TESOURERIA: POR SER O TITULAR DA VIVENDA ----- SOLICITA POÑER AO SEU NOME OS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO	000840/2021	22-12-2021 13:33
2021/G003/000852	TESOURERIA: POÑER AO SEU NOME O RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA -----	000841/2021	22-12-2021 18:45
2021/G003/000821	SOLICITA DARSE DE ALTA NO PADRON DE RECOLLIDA DE LIXO	000842/2021	22-12-2021 18:45
2021/G003/000798	TESOURERIA: SOLICITUDE CAMBIO TITULARIDADE DO TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO ACHEGA ESCRITURAS	000843/2021	22-12-2021 18:45
2021/G003/000797	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIAR AO SEU NOME O RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN -----	000844/2021	22-12-2021 18:46
2021/G003/000925	SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA ARQUIVO MUNICIPAL 2022	000845/2021	22-12-2021 18:46
2021/G003/000796	TESOURERIA: SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE CORRESPONDENTE AO PADRÓN DA TAXA DO SERVIZO DOMICILIARIO DE RECOLLIDA DE LIXO.	000846/2021	22-12-2021 18:48
2021/G003/000885	TESOURERIA: SOLICITUDE DE ALTA NO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO	000847/2021	22-12-2021 18:48
2021/G003/000881	TESOURERIA: RXPTE. 3518/10834.- TRASLADO AL CONCELLO DE PONTEDEUME ESCRITO RECIBIDO	000848/2021	22-12-2021 18:48



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	POR ERROR EN DIPUTACIÓN. SOLICITUD BAJA TAXAS MUNICIPALES. FINCA CON REFERENCIA CATASTRAL -----.		
2021/G003/000859	TESOURERIA: SOLICITUDE DE ALTA NOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA -----	000849/2021	22-12-2021 18:48
2021/G003/000909	RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2021/24	000850/2021	22-12-2021 19:26
2021/G003/000795	TESOURERIA: EL CAMBIO DE TITULARIDAD DE LA TASA DE RECOGIDA DE BASURA Y SU DOMICILIACIÓN BANCARIA, DE ACUERDO A LOS SIGUIENTES DATOS: FECHA DE COMPRAVENTA: 24 DE JULIO DE 2020	000851/2021	23-12-2021 13:57
2021/G003/000930	CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DE SEGUIMIENTO DE TELETRABALLO SEGUNDO O ESTABLECIDO NO REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS A TRAVÉS DA MODALIDADE DE TRABALLO A DISTANCIA OU TELETRABALLO.	000852/2021	23-12-2021 14:20
2021/G003/000810	TESOURERIA : Solicitud Xeral a nombre de ----- . Solicita: CON CARACTER DE URXENCIA A ANULACION DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, E ANULACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS, POSTO QUE NON PROCEDEN, E SEXAN EMITIDOS A TITULAR DO LOCAL	000853/2021	23-12-2021 14:24
2021/G003/000929	DECRETO INSCRIPCIÓN A MAYORES EDM DE INVERNO 2021/22	000854/2021	23-12-2021 17:47
2021/G003/000928	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 3	000855/2021	23-12-2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	E Nº 4 DA OBRA -MELLORA DA PISTA EN OS CASTROS (ANDRADE)-. PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022, AGADER. EXPTE.Nº 2021/C002/000009.		17:46
2021/G003/000812	TESOURERIA: SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN TASA LIXO POR VENTA DA SÚA VIVENDA	000856/2021	23-12-2021 17:46
2021/G003/000931	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2021 DENDE AS 12.00 HORAS ÁS 15.15 HORAS	000857/2021	23-12-2021 17:46
2021/G003/000793	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO SEU NOME NOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DO LOCAL A RUTA POR LEVAR 10 ANOS SIN SER A PROPIETARIA DE DITO LOCAL	000858/2021	23-12-2021 20:35

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde en funcións, D. José Simoes Couceiro, no día que figura á marxe>>

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

6 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

Non se presentaron rogos e preguntas

A secretaria indica que non hai máis asuntos que tratar.

O Sr. Rodríguez Piñeiro pregunta se pode facer unha pregunta, o Sr. Presidente indícalle que sí.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta o don Santiago Rodríguez Piñeiro se os compañeiros do BNG aceptaron a proposta que lles fixo o alcalde de formar parte do equipo de goberno.

Responde o Sr. Presidente, indicando que é unha decisión que o BNG ten que tomar no órgano correspondente e dirixila a alcaldía.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera indicando que o seu grupo non considerou que fose unha proposta formal, que se lla presentan por escrito responderan. Dende o seu punto de vista foi un recurso dialecto, non o considerou serio como unha proposta de goberno.

Ao Sr. Rodríguez Piñeiro parécelle que si é algo serio porque é unha oferta formulada no seno dunha sesión do Pleno da corporación, que lle daba un prazo dunha semana ou quince días para responder e que xa pasaran e quería saber como quedara a cousa.

Responde o sr. Pena Mosquera indicando que non a consideraron como unha proposta seria e que se é real que lla formulen por escrito, a través dun correo, que a trasladara aos órganos do goberno do seu partido; e responderan por escrito.

O Sr. Presidente toma a palabra e felicita o Nadal a todos os concelleiros e concelleiras, e desexa Feliz Ano da súa parte, da do Alcalde e de parte de todos os membros da Corporación.

O Sr. Rodriguez Piñeiro desexa tamén felices festas e feliz ano 2022

O Sr. Pena Mosquera desexa feliz e feliz a ano 2022, e reitera que se o equipo de goberno quere presentarlle esa oferta por escrito, responderán polo mesmo medio.

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria que dá fe,

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno do Concello celebrado o día 27.01.2022, segundo o borrador asinado o día 20.01.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal

Páxina 24 de 24